

FONTES DE COIRO

(De: "Coiro. A nosa Parroquia". C.P. Castrillón. 1987)

Na xeografía da nosa Parroquia temos a grande sorte de contar con abondosas fontes.

Desde tempos antergos, tivo a sona de posuir moito auga, e así é de certo. Imos, polo tanto, percorrer as nosas veigas tomando un grollo do líquido en cada unha delas. Tamén comentar, así de paso, que con esta relación animamos aos nosos veciños cumprir aquel fermoso costume ou rito das sete fontes pola noite de San Xoán.

Aquí están, pensamos, a súa grande maioría. De Norte a Sur, do monte á praia....

- OUTEIRO,	Outeiro	- MUNDIÑEIRO,	A Rosada
- PURMAL,	Agualevada	- DE REMOJE,	Novás, Xistro
- BORRALLA,	Parada	- AGUA FRÍA,	Novás
- POZO,	Parada	- CELA,	Cruceiro da Rosada
- PARDIÑEIRO,	Pardiñeiro	- CANAVAL,	A Costeira
- DO LOBO,	Mato	- DEVESA,	Devesa
- FONTEFRÍA,	Canexa, O Mato	- CASTRILLÓN,	Castrillón
- CERQUEIRO,	Igrexario, (C.C.Coiro)	- CUCO,	Costa do Cuco
- VIEITA,	Igrexario	- FERREIRO,	Pedreira
- BORRALLA,	Xielas	- CORNILLÓ,	Espíritu Santo
- IGREXARIO,	Igrexario	- PRECIOSA,	Espíritu Santo
- LAXE,	Monte da Pena	- BARREIRO,	As Gruncheiras
- CEBOLEIRA-FONTENLA,	Miranda	- FONTE DA GRANXA,	Situada no camiño da Granxa (Rodeira).
- CASTRO,	Castro		

Di a xente que este última é propiedade de Don Manuel, cura do Espírito Santo. Máis que unha fonte, é unha mina de auga. Maruxa Fernández informa dos mais de 100 anos de antigüidade, que o seu nome se debe á granxa do Cuco, de 800 ferrados, desde a casa de Orxa ata o portal do Regado. Da propiedade, dinos que o Cura D. Manuel é neto do propietario da finca.